



CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, XVII

*CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO*  
(XVII)



*Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro*





***CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO***  
***(XVII)***

***Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro***

Luís Alonso Girgado  
Alexandra Cillero Prieto  
Élida Abal Santorum  
María Cuquejo Enríquez  
Teresa Monteagudo Cabaleiro  
Montserrat Vázquez Riveiro

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO  
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

**Directores:**

Luís Alonso Girgado  
Ramón López Vázquez

**Consello asesor:**

Xesús Ferro Ruibal  
Xosé Manuel García Iglesias  
Anxo González Fernández  
Ramón Mariño Paz  
Anxo Tarrío Varela  
Andrés Torres Queiruga

**Edita:**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A  
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**Secretario Xeral de Política Lingüística:**

ANXO M. LORENZO SUÁREZ

**Coordinador científico**

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Director Técnico de Literatura**

ANXO TARRÍO VARELA

**Ilustración da cuberta:**

BALDO RAMOS

**Imprime:**

Grafinova, S.A.

**ISBN:**

978-84-453-4998-4

**Depósito Legal:**

C 1536-2011

# ÍNDICE

|  |     |
|--|-----|
| <i>Nota de edición</i> .....                                   | 7   |
| <i>Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro</i> .....      | 11  |
| I. Libros .....  | 13  |
| II. Epistolarios .....   | 19  |
| III. Colaboracións en libros de autoría colectiva .....        | 23  |
| IV. Prólogos, limiares e edicións .....                        | 27  |
| V. Traducións .....  | 29  |
| VI. Colaboracións en revistas e xornais .....                  | 31  |
| VII. Entrevistas .....   | 51  |
| VII.1. Gravadas .....  | 51  |
| VII.2. En prensa .....   | 51  |
| <i>Bibliografía e hemerografía sobre Ramón Piñeiro</i> .....   | 55  |
| I. Libros .....  | 57  |
| II. Artigos en prensa .....                                    | 69  |
| III. Entradas en dicionarios, enciclopedias, manuais, etc. 105 |     |
| IV. Colaboracións en libros de autoría colectiva .....         | 107 |
| V. Estudos parciais en libros .....                            | 123 |



Ramón Piñeiro, por Siro (2009).

**Nota de edición**





No ano 2003, o terceiro destes Cadernos Ramón Piñeiro recollía o que modestamente chamabamos “unha contribución” a un ámbito que estaba por facer: o da produción escrita (libros, cartas, artigos de prensa, colaboracións en obras colectivas) de Ramón Piñeiro. Eran en total menos de cincuenta páxinas nas que faltaban algúns textos aos que daquela non tivemos acceso. María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro e Luís Alonso Girgado levaron o peso daquel proxecto inicial.

Coa designación do noso ensaísta para o Día das Letras de 2009 a situación cambiou radicalmente. En efecto: centos de artigos de prensa e libros diversos engordaron a bibliografía pasiva dun Ramón Piñeiro lembrado sentimentalmente, homenaxeado, estudado, analizado nas súas distintas dimensións, interpretado e valorado como persoa, como promotor da cultura, como ideólogo galeguista, como escritor.

Esta nova edición, corrixida e moi aumentada, daquel Caderno III, *Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*, xustifícase polo aluvián textual do pasado 2009 que, loxicamente, non modifica a bibliografía activa (que, porén, medrou en numerosas reedicións que levaron o selo da Editorial Galaxia) pero si —e de forma contundente— a pasiva suscitada por Piñeiro, na que colaboraron amigos, xentes que o trataron, escritores aos que atendeu dende *Grial* ou Galaxia, intelectuais de distintos países, xornalistas e todo tipo de xentes coñecedoras da súa vida ou da súa obra.

Esta nova compilación biblio-hemerográfica, cinxida na cronoloxía ata o xa pasado 2009, fíxose, porén, a partir dun criterio selectivo que nos levou a excluír algúns textos (colaboracións da prensa diaria) que nos pareceron de mínima entidade ou moi escaso interese. Incorporamos tamén algunhas novas entradas na hemerografía activa e, en definitiva, rexistramos e ordenamos un material heteroxéneo que fai xustiza ao labor dun home que traballou arreo por Galicia, pola súa idea do país e polo seu futuro. O esforzo de pensamento, de interpretación, xunto coa incansable dinámica do traballo cotián, foron eixes paralelos e converxentes do seu labor.

Os editores

**Bibliografía e hemerografía  
de Ramón Piñeiro**



## I. Libros

*Dos ensayos sobre la saudade*, Bos Aires: Ed. Alén-Mar, 1961. [Reúne “Significado metafísico de la saudade” e “Para una filosofía de la saudade” en tradución ao castelán de Celestino Fernández de la Vega].

*A linguaxe i as línguas*<sup>1</sup>, (“Discurso lido o día 25 de novembro de 1967 no acto da súa recepción pública da Real Academia Galega, e resposta de don Domingo García-Sabell”), Vigo: Galaxia, 1967 (Colección Biblioteca de Autores Galegos, nº 32). [Aparece unha nova edición en Vigo: *Diario 16* de Galicia, 1992; posteriormente édita-se unha edición facsimilar conmemorativa con motivo da inauguración da sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1994 e finalmente recóllese unha reedición parcial –das pp. 23-36– en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 69-81 (Colección A Nosa Literatura, nº 44)]. [Volve a reeditarse a versión orixinal en 2008, co

---

<sup>1</sup> Este discurso de Ramón Piñeiro foi editado, como gravación sonora, polo Consello da Cultura Galega en 1994. Figura entre os materiais do Arquivo Sonoro de Galicia e a súa edición gravada estivo coordinada por Alfonso Vázquez Monxardín. Fai o número 3 da colección *As Nosas Voces*. Unha análise do discurso aparece en: *A linguaxe e as línguas: Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. (Discurso lido o día 24 de outubro de 1998, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor Antón Santamarina Fernández; e resposta do ilustrísimo señor Xesús Alonso Montero). A Coruña: Real Academia Galega, 1998.

título de *A linguaxe e as linguas*, en Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Ramón Piñeiro, nº 1].

*Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974. [Reúne un total de corenta e oito artigos e cartas que xa foran publicados en xornais e revistas entre os anos 1949-1973: “O libro que nos debe Ánxel Fole” (1949), “A poesía de Luis Pimentel” (1950), “Castelao” (1950), “Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, desde a ladeira dun castro lugués” (1951), “Unamuno visto por nós” (1951), “A lingua, sangue do espírito” (1952), “Carta a Pedro Abuín. Das tres maneiras de dialogar e das dúas maneiras de entender a cultura” (1952), “Carta a Ana Campos sobre Teixeira de Pascoaes e Galicia” (1953), “A evolución do celtismo galego” (1953), “Un poema da emigración” (1953), “Os valores da adolescencia” (1953), “Otero Pedrayo, orador” (1954), “Trascendencia social do idioma” (1954), “Tres imáxens de Galicia” (1954), “O primeiro clásico galego” (1954), “Ramón Cabanillas” (1954), “Carta a Jacinto do Prado Coelho sobre a significación galego-portuguesa de Rosalía” (1955), “A emigración, vista desde Galicia” (1956), “A defensa do idioma, vencello espiritual de tódolos galegos” (1956), “Carta a Daniel Cortezón” (1956), “Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leao sobre a personalidade e a obra de Otero Pedrayo” (1958), “Factores esenciais da



Literatura Galega” (1959), “Individualismo, particularismo, cooperativismo” (1959), “As clases sociais en Galicia” (1959), “Lembrando a Luis Pimentel” (1960), “Galeguismo” (1960), “Factores de diferenciación social” (1960), “Galicia e Rosalía na poesía de Luis Pimentel” (1960), “A hora dos técnicos e dos economistas” (1960), “Industrialización e industrialismo” (1961), “Autoconciencia” (1962), “Un século de renacer cultural” (1963), “As tres épocas de Vicente Risco” (1963), “Antón Villar Ponte” (1964), “Galicia nos estudos luso-brasileiros” (1966), “Carta a Marcia Andersen” (1966), “Historia, cultura, economía” (1968), “Carta a Jean Pierre García” (1968), “O pensamento galego” (1968), “Xohán Vicente Viqueira” (1969), “No vinte aniversario da morte de Castelao” (1970), “Unha nova revolución na nosa lingua” (1970), “Carta a Ánxel Fole” (1970), “Algunhas notas sobre a realidade humana de Galicia” (1970), “O arte de Castelao” (1971), “O menosprecio social da lingua” (1972) e “Carta a don Manuel Rodrigues Lapa” (1973)].

[O volume foi reeditado parcialmente baixo o título “Mínima muestra antolóxica de textos piñeiranos”, en *Galicia en Madrid*, nº 39, 1991, pp. 13-19 e posteriormente na recompilación de traballos do autor realizada por Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico: Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 33-41 e 83-87 (editado no nº 44 da Colección A Nosa Literatura)]. [O libro foi reeditado en 2008 por Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Ramón Piñeiro, nº 2; en edición corregida de acordo coa nova normativa vixente no citado ano].

*Lembrando a Castelao*, Santiago de Compostela: SEPT, 1975. [Colección Cadernos populares. Texto cuatrilingüe en galego, castelán, catalán e euskera].



*Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, 1984. [Reúne un total de cinco estudos dados a coñecer entre 1951 e 1975: “A filosofía e o home” foi a achega de Ramón Piñeiro ao I Congreso Nacional de Filosofía celebrado en Braga no ano 1955; “Significado metafísico da saudade” publicouse na *Colección Grial*, nº 1, en maio de 1951, na *Revista filosófica* (Coímbra) en xullo do mesmo ano co título de “Presencia de Galicia” e no libro *O pensamento galeguista de posguerra. Antoloxía* (edición de X. C. Garrido Couceiro e Xosé M. Sánchez Rei), colec. “A Nosa Literatura”, nº 42, Vigo: A Nosa Terra / Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1997, pp. [9]-32; “Para unha filosofía da saudade” é un dos ensaios que recolle o volume *La Saudade* publicado por Galaxia en 1953 e no que varios autores ofrecen os seus estudos e análises sobre o tema; “Saudade e sociedade, dimensións do home” viu a luz como conferencia dentro do ciclo “Galicia e o home galego” organizado por Álvaro Cunqueiro en Vigo en 1975; “A saudade en Rosalía” é a contribución de Piñeiro que, xunto coa doutros estudosos, conforma o volume que sobre o tema se publica en 1952 na editorial Galaxia. Editado posteriormente por La Voz de Galicia, A Coruña, 2001 (Colección Biblioteca Galega 120, nº 64)]. [Reeditado en 2009 por Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Ramón Piñeiro, nº 3].

*Fermín Penzol*, Vigo: Galaxia, 2001. [Minilibro. Edición non venal. Reproduce o artigo “A personalidade política de Fermín Penzol” publicado en *Grial*, tomo XIX, nº 73, Vigo, xullo-agosto-setembro, 1981, pp. 279-288. (Monográfico dedicado a Fermín Penzol)].

*Galicia*, Vigo: Galaxia, 1999. [Minilibro. Edición non venal. Leandro García Bugarín traduce ao galego o texto da voz “Galicia” que Ramón Piñeiro redactara para a *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago—Xixón: Silverio Cañada, tomo XV, 1974, pp. 27-34. En formato libro, en

galego, castelán e inglés, acompañado de fotografías de Vítor Vaqueiro, publícase, por editorial Galaxia, no ano 2002 (2ª edición en 2009)].

*Da miña acordanza. Memorias*, Vigo: Galaxia / Fundación Caixa Galicia, 2002. [Leva este libro, de carácter póstumo, unha “Introducción necesaria” de Carlos Casares, que preparou a súa edición. Á parte escrita por Ramón Piñeiro (pp. 13-33) e publicada xa en *Grial*, tomo XXIX, nº 111 (xullo-agosto-setembro, 1991), monográfico dedicado a Ramón Piñeiro, engádese a transcripción das conversacións deste con Carlos Casares, que ordenou “os seus parlamentos por orde cronolóxica” (p. 11). O texto publicado en *Grial* leva un debuxo e unha nota de Luís Seoane, e unha breve “Introducción” sen asinar].

*O despertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade. Ensaio e artigos dispersos (1950-1990)*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Ramón Piñeiro, nº 4, 2009. [Limiar e edición de Henrique Monteagudo].

*Otero Pedrayo, mestre da cultura galega. Conferencias e ensaios*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2009. [Inclúe un cartafol que agrupa artigos, ensaios e conferencias de Ramón Piñeiro sobre Otero Pedrayo; e un CD coa conferencia “Otero Pedrayo na cultura galega”].

*Sobre o Museo do Pobo Galego*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 2009<sup>2</sup>. [Reproduce o artigo “Sobre o Museo do Pobo Galego” publicado con anterioridade en *La Voz de Galicia*, 20 de xuño, 1976 e en *Museo do Pobo Galego: 20: 1977-1997*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego: 1997]

---

<sup>2</sup> Data tomada do prólogo (decembro de 2009).



## II. Epistolarios<sup>3</sup>

“Cartas” en *Grial*, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 397-462. [Abrangue un total de nove cartas de Ramón Piñeiro: dúas a Rodolfo Prada, catro a Rof Carballo e unha a Celestino Fernández de la Vega, José Luis Allué Andrade e Luís Seoane<sup>4</sup> repectivamente].

*Cartas para os amigos*, Santiago de Compostela: ed. Compostela / El Correo Gallego, 1992. [Limiar, escolma e edición de Carlos Casares. Abrangue este volume, de carácter non venal, un conxunto de seis cartas dirixidas a Álvaro Cunqueiro, Pedro Abuín, Jacinto do Prado Coelho, Leonor e Francisco da Cunha Leão, Ánxel Fole e Manuel Rodrigues Lapa, que xa foran publicadas no volume recopilatorio *Olladas no futuro* en 1974].

“Cartas de Ramón Piñeiro a Matilde Albert de Robatto” en *La Torre*, nº 10, Porto Rico, outubro-décembro de 1998, pp. 899-920.

---

<sup>3</sup> Cartas soltas a distintos destinatarios foron publicadas por Ramón Piñeiro nas páxinas de publicacións periódicas como *Colección Grial*, *Grial* ou *Galicia Emigrante*. Incorporou tamén nove textos epistolares ás páxinas de *Olladas no futuro* (1974). Algunhas cartas aparecen reproducidas en dúas ou máis fontes diferentes.


<sup>4</sup> Temos constancia, polo que atinxe á correspondencia epistolar con exiliados galegos na Arxentina, dunha “Carta a Emilio Pita: sobre o significado da emigración dentro da comunidade galega” que Piñeiro tivo que publicar na prensa galega da Arxentina. Malia as nosas pesquedas, descoñecemos cando e onde apareceu a citada carta.

Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, 2000. [Edición, prólogo e escolma de F. Fernández del Riego. Contén a correspondencia de Ramón Piñeiro a Fernández del Riego. Son un total de 405 cartas, en xeral de breve extensión, escritas por Ramón Piñeiro entre 1948 e 1970].

Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro, *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, II, 2003. [Os destinatarios das cartas son: A. Avilés de Taramancos, Carlos Casares, Pilar Cayón Fernández, Rafael Dieste, Manuel María, Eduardo Moreiras, Manuel Meilán, Luis Pimentel, Claudio R. Fer, Carmen Blanco, Pilar Vázquez Cuesta e Carlos Zubillaga Barrera] .

Luís Alonso Girgado / María Cuquejo Enríquez / Carmen Fariña Miranda, *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, IV, 2004.

Luís Alonso Girgado / Élida Abal Santorum / Alexandra Cillero Prieto, *Cartas*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, XI, 2009. [Os destinatarios das cartas son: Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C.



Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín].

Luís Alonso Girgado / Élida Abal Santorum / Alexandra Cillero Prieto, *Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, XII, 2009.

Luís Cochón / Miro Villar, *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, XIII, 2009.

María Xesús Lama e Helena González, *Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, Vigo: Editorial Galaxia / Xunta de Galicia, col. Memoria, nº 20, 2009. [Contén un total de 453 cartas: 235 de Piñeiro e 218 de Basilio Losada, precedidas dun estudo previo das autoras; mais

os anexos que conteñen: cartas inéditas conservadas no Fondo Basilio Losada, documentación que acompañaba á correspondencia entre Piñeiro e Losada e algúns artigos de prensa aos que se fai referencia no libro].

“Carta inédita dende a cadea”, en *El País*, “Luces”, “Día das Letras”, 17 de maio, 2009, p. 7. [Carta inédita ata o momento que enviou Piñeiro á súa familia dende o cárcere].



Ramón Piñeiro / Xosé Luís Franco Grande. *Cando o futuro comezaba. Correspondencia 1955-1990*, Vigo: Galaxia, col. Memoria, nº 24, 2009. [Limiar, escolma e edición de X. L. Franco Grande].

“Cartas a Xavier Alcalá”, en “Cartas dun sabio a un vaidoso”, *Grial*, tomo XLVII, nº 184, “Documentos”, outubro-novembro-décembro, 2009, pp. 93-95. [Son tres cartas de Ramón Piñeiro a Xavier Alcalá].

VV. AA., *Cartas a un mozo galego: Correspondencia con Xosé Luís Allué (1953-1967)*, Vigo: Editorial Galaxia, 2005.

Luís Alonso Girgado / Élida Abal Santorum / Alexandra Cillero Prieto, *Ramón Piñeiro: Epistolario lugués*<sup>5</sup>, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro, col. Cadernos Ramón Piñeiro, nº XV, 2010. [Contén cinco cartas de Ramón Piñeiro a Marina Mayoral e dezaseis cartas e tarxetas postais a Uxío Novoneyra; os autores das restantes cartas son: Darío Xohán Cabana, Álvaro Cunqueiro, Xosé María Díaz Castro, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole, José Gayoso Veiga, Paco Martín, Eduardo Moreiras Collazo, Carlos Peregrín Otero, Luis Pimentel e Luz Pozo Garza].

---

<sup>5</sup> Excepcionalmente incluímos este epistolario xa publicado en 2010.

### III. Colaboracións en libros de autoría colectiva

“A saudade en Rosalía”, en *7 ensayos sobre Rosalía*, Vigo: Galaxia, 1952, pp. 95-109. [Colaboran no volume Ricardo Carballo Calero, Domingo García-Sabell, Rof Carballo, Carlos Maside, Celestino Fernández de la Vega e Jacinto do Prado Coelho].

“Pra unha filosofía da saudade”, en *La saudade*, Vigo: Galaxia, 1953, pp. 11-39. [Colaboran no volume Domingo García-Sabell, Rof Carballo, Xesús Alonso Montero, Elías de Tejada, Francisco Fernández del Riego, Lois Tobío e Manuel Vidán].

“Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leão. (Sobre a personalidade e a obra de Otero Pedrayo)”, en *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Galaxia, 1958, pp. 173-198. [Recollida posteriormente en *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 118-141 e tamén no volume 113 da Biblioteca 114 de El Correo Gallego: Ramón Piñeiro, *Cartas para os amigos*, edic. non venal, Santiago de Compostela: Editorial Compostela / El Correo Gallego, 1992, pp. 31-56].

“Otero Pedrayo, orador”, en *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra: homenaxe da Galicia universal*, Caracas: Centro Galego, 1958, pp. 41-43.



- “O pensamento galego”, en *O porvir da lingua galega*, Lugo: Círculo de las Artes / Instituto de Estudios, 1968, pp. 67-73.
- “Galician in Luso-Brazilian Studies”, en Raymond S. Sayers (ed.), *Portugal and Brazil in Transition: VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Harvard / Columbia) 1966*, Minneapolis: Minn., University of Minnesota Press, 1968, pp. 47-50. [Traducida ao galego no artigo “Galicia nos estudos luso-brasileiros”, en *Grial*, tomo V, nº 18, outubro-novembro-décembro, 1967, pp. 457-459 e reeditada en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 184-188].
- “Xustificación do Primeiro Seminario encol do Libro Galego”, en *Primeiro Seminario encol do Libro Galego, 1972*, Sada / A Coruña: Edicións do Castro, 1974, pp. 61-67.
- “Galicia”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago—Xixón: Silverio Cañada, tomo XV, 1974, pp. 27-34.
- “Saudade”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago—Xixón: Silverio Cañada, tomo XXVIII, 1974, pp. 98-100.
- “Vicisitudes históricas da cultura galega”, en *Inauguración da Galería Sargadelos en Madrid*, Sada / A Coruña: Edicións do Castro, 1975, pp. 103-119. [Colección Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia, nº 4. Reprodúcense as conferencias de Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Rof Carballo e Rafael Dieste].
- “*Ronsel* (1924-1974)”, en *Ronsel. Revista de arte*, Barcelona: Sotelo Blanco, 1982. [Edición facsimilar]. [Colaboración incluída no número conmemorativo do cincuentenario de *Ronsel*, 15-I-1975, pp. 48-49].
- “Lembrando a Castelao”, en VV. AA., *Ciclo Castelao*, A Coruña: Servicio de Publicaciones del Club de Dirigentes

- tes de Empresa de la Cámara de Comercio, 1976, pp. 19-30. [Colaboran tamén nesta publicación Fernando Mon Rodríguez e Sebastián Martínez Risco].
- “Castelao e Pondal, dúas visións da nosa historia”, en VV. AA., *Homenaxe a Castelao*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1976, pp. 55-59.
- “O pasado e o futuro do Seminario de Estudos Galegos”, en *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Sada / A Coruña: Edicións do Castro, 1978, pp. 123-26.
- “Carlos Maside na miña lembranza”, en *Maside: un pintor para unha terra*, Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1979, pp. 33-48.
- “A revista *Grial*”, en *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris (13 a 15 de novembro de 1980)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura), 1982, pp. 35-41. [Edición preparada por Dieter Kremer e Ramón Lorenzo].
- “Consideracións sobre a cultura galega”, en *Evolución cultural de Galicia: Ciclo de conferencias pronunciadas en el auditorio de Caixa de Aforros de Vigo en el año 1987*, Vigo: Caixa de Aforros, [1988], s.p.
- “Lembrando a Luís Pimentel”, en *Luís Pimentel (1895-1958). Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1990, pp. [9]-16.
- “Presencia de Valentín Paz Andrade no galeguismo”, en *Paz Andrade. Homenaje*, Pontevedra: Servicio de Publicacións da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, 1991, pp. 89-95.

- “A poesía de Lois Pimentel na lírica galega”, en *Galicia desde Londres (Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC, 1974-1995)*, A Coruña: Tambre, 1994, pp. 230-233. [Edición de A. Raúl de Toro Santos].
- “Rosalía na voz de outros poetas”, en *Arredor do Centenario de Rosalía, 1985*, Vigo: Patronato Rosalía de Castro, 1995, pp. 90-91. [Edición de X. Amancio Liñares Giraut].
- “Parolar con Rafael Dieste”, en *Rafael Dieste, un creador total*, Vigo: Galaxia, 1995, pp. [85]-88. [Previamente en *Grial*, tomo XX, nº 78, outubro-novembro-décembro, 1982, pp. 467-469].
- “Ánxel Fole”, en VV. AA., *Os escritores lucenses arredor de Fole*, Lugo, Excmo. Concello, 1986, p. 171.
- “Emilio González López”, en VV. AA., *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro de 1994)*, Oxford: Oxford Center for Galician Studies, 1997, pp. 617-625.
- “Resposta ó discurso de Marino Dónega”, en *Presencia de Castelao na Academia: textos inéditos e outras páxinas*, A Coruña: Real Academia Galega, 1999, pp. 43-45. [Edición de Xesús Alonso Montero].

## IV. Prólogos, limiares, edicións

- “Carta a Novoneyra”. Prólogo a *Os eidos*, de Uxío Novoneyra, Vigo: Galaxia, 1955. [Reproducido parcialmente en Novoneyra, 1. *Os eidos. Libro do Courel*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985, pp. 225-229].
- “Limiar” a *As covas do rei Cintolo*, de Daniel Cortezón, Vigo: Galaxia, 1956.
- “Limiar” a *50 Dibuxos de Carlos Maside*, Vigo: Galaxia, 1959.
- “As andadas literarias de Méndez Ferrín”. Prólogo a *O crepúsculo e as formigas*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, Vigo: Galaxia, 1961.
- “Prólogo” a *Vicente Risco na cultura galega*, de Ramón Lugrís, Vigo: Galaxia, 1963. [Colección Illa Nova].
- “Prólogo” a *Separatismo y unidad: Una mitificación histórica*, de Eduardo Menéndez-Valdés Golpe, Madrid: Seminarios y Ediciones, 1973.
- “Limiar” a *Autonomías e Constitucións (Notas para un debate estatutario galego)*, de Anxo Teixeiro Piñeiro, Santiago de Compostela: Follas Novas, 1978. [Colección Alexandre Bóveda].
- “Prólogo” a *Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal, A Coruña: La Voz de Galicia, 1979.

- “Limiar” a *O sangue na paisaxe*, de Helena Villar e Xesús Rábade, Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1980.
- “Volvendo ao rego”. Limiar a *Parábolas chairegas*, de Xosé M. Carballo Ferreiro, Vigo: Castrelos, 1981.
- “Nova aproximación a unha filosofía da saudade”. (Discurso lido na recepción pública do 20 de xuño de 1980, por Andrés Torres Queiruga e resposta de Ramón Piñeiro), A Coruña: Real Academia Galega, 1981.
- “Limiar” a *A información: o caso galego*, de Vicente González Radío, Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1983, pp. 7-10.
- “Prólogo” a *A revelación de Deus na realización do home*, de Andrés Torres Queiruga, Vigo: Galaxia, 1985.
- “Limiar” a *Viaxes con Ánxel Fole*, de Manuel Rodríguez López, Sada / A Coruña: Edicións do Castro, 1988, pp. 5-6.
- “Prólogo” a *Galicia y la poesía*, de Julieta Gómez Paz, Sada / A Coruña: Edicións do Castro, 1988, pp. 7-11.
- “Prólogo” a *La Naturaleza en Galicia*, de Francisco Fierro Viqueira, INCAFO: Madrid, 1988.
- Luís Pimentel*, A Coruña: Real Academia Galega, 1990. [Edición, estudo introdutorio e escolma de textos de Ramón Piñeiro].
- “Limiar” a *A memoria e os amigos*, de Marino Dónega, Vigo: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1994.

## V. Traducións

Julius Pokorny, *Cancioeiro da Poesía Céltiga*, Santiago de Compostela: Editorial Bibliófilos Gallegos, 1952. [Versión galega do *Altkeltische Dichtungen* (1944) de Julius Pokorny. Tradución de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro].

Martin Heidegger, *Da esencia da verdade*. (“Con unha carta-prólogo especial para esta edición”), Vigo: Galaxia, 1956. [Tradución do orixinal alemán *Von Wesen der Wahrheit*, introdución e notas de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro].



## VI. Colaboracións en revistas e xornais

### *Alborada* (Barcelona)

“Os nosos homes: Otero Pedrayo”, xullo, 1952, p. 18.

“Tres imaxes de Galicia”, xullo, 1954, p. 16.

“O rexionalismo galego” (trad. ao galego por Xesús González), decembro, 1974, pp. 23-27.

### *Alén – Mar!* (Bos Aires)

“A creación da Asociación Argentina... (nota)”, nº 1, 1 de xuño, 1961.

“Autoconciencia”, nº 2, maio, 1962.

### *Anduriña* (Santiago de Compostela)

“O meu primeiro encontro coa emigración”, nº 1, 1985, pp. 6-7.

“Galicia no arte de Castelao”, nº 4, 1986, p. 31.

### *Anthropos* (Barcelona)

“Castelao, político”, nº 65, 1986, pp. 38-41. [Castelao aparece como autor / tema monográfico deste número da revista no que, con achegas sobre Castelao, colaboran tamén Isaac Díaz Pardo, Claudio Rodríguez Fer, Siro López e Francisco Fernández del Riego].



**Atenea** (Revista do Ateneo Ferrolán)

“A lingua, sangue do esprito”, nº 34, abril-maio-xuño, 2009, pp. 26-27. [Artigo publicado anteriormente en *Galicia* (Bos Aires), nº 466, 1952, pp. 20-22; *Guieiro*, nº 1, abril, 1965 e despois en *Vieiros*, I, 1959, pp. 51-52; posteriormente baixo o título “A lingua, sangue do espírito”, en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 33-37; reproducido, anos despois, na “Mínima muestra antolóxica de textos piñeiranos”, en *Galicia en Madrid*, nº 39, 1991, pp. 13-19 e finalmente en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 33-37 (Colección A Nosa Literatura, nº 44)].

**Ateneo Ferrolán**

“Para colabourar nunha idea atinada”, nº 2, 1983, pp. 80-82.

**Aturuxo** (Ferrol)

“Galicia e Rosalía na poesía de Luis Pimentel”, nº 10, 13 de febreiro, 1960, pp. [18]-[19].

**Boletín Auriense** (Ourense)

“Sobre o pensamento galego da Xeración Nós”, tomo 5, 1975, pp. 31-35.

**Boletín Editorial Galaxia** (Vigo)

“Otero Pedrayo e Galaxia”, nº 3, xaneiro-febreiro-marzo, 1988.

“Significado de *Grial*”, tomo III, nº 7, xaneiro-febreiro-marzo, 1989.

***Boletín de la Real Academia Gallega*** (A Coruña)

“Mestre da conciencia Galega”, tomo 32, nº 357, 1975, pp. 106-108. [O artigo está referido á figura de Castelao].

***Caderno do espectáculo / Compañía de Teatro Luís Seoane*** (A Coruña)

“Don Ramón e os precursores”, nº 3, outubro, 1981, p. 10. [Subtitulado “A casa das tres lúas” e referido á figura de Ramón Otero Pedrayo, autor da obra citada].

***Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses***

“O pensamento de Rosalía de Castro”, nº 6, 1988, pp. 149-158.

***Casa Galicia. Unidad Gallega*** (Nova York)

“A Língua Galega Na Nosa Universidade”, Memoria anual correspondente ao ano 1962.

***Colección Grial*** (Vigo)

“Siñificado metafísico da saudade (Notas pra unha filosofía galaico-portuguesa)”<sup>6</sup>, nº 1, 12 de xuño, 1951, pp. [5]-[25]. [No número da publicación titulado *Presencia de Galicia*].

“Unamuno visto por nós”, nº 1, 12 de xuño, 1951, pp. 74-[77]. [No número da publicación titulado *Presencia de Galicia*].

---

<sup>6</sup> Tamén aparece na *Revista filosófica* (Coímbra) en xullo do mesmo ano co título de “Presencia de Galicia” e no libro *O pensamento galeguista de posguerra. Antoloxía* (edición de X. C. Garrido Couceiro e Xosé M. Sánchez Rei), colec. “A Nosa Literatura”, nº 42, Vigo: A Nosa Terra / Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1997, pp. [9]-32.

“Sobre la suerte de Europa”, nº 1, 12 de xuño, 1951, pp. 89-93]. [No número da publicación titulado *Presencia de Galicia*].

“Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués”, nº 3, 31 de decembro, 1951, pp. 103-107. [No número da publicación titulado *Presencia de Curros y D<sup>a</sup> Emilia*].

“Carta a Pedro Abuín. Das tres maneiras de dialogar e das dúas maneiras de entender a cultura”, nº 4, 25 de novembro, 1952, pp. 75-80. [No número da publicación titulado *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*].

#### ***Coloquio / Letras*** (Lisboa)

“Evolución do problema da lingua”, nº 2, 1971, pp. 78-80.

“Martín Sarmiento, «Gran galego»”, nº 10, 1972, pp. 64-66.

“A expansión crecente da lingua galega”, nº 8, 1972, pp. 75-77.

#### ***Coordenadas*** (Santiago de Compostela)

“Álvaro Cunqueiro e a fidelidade á lingua”, nº 2, 1982, pp. 14-16. [Número de Homenaxe a Álvaro Cunqueiro].

#### ***Cuadernos del Laboratorio de formas de Galicia*** (Sada / A Coruña)

“Vicisitudes históricas de la cultura gallega”, nº 4, 1975, pp. 21-35. [Este número catro da revista reproduce a conferencia lida por Ramón Piñeiro o 23 de abril de 1975 en Madrid co gallo da inauguración da galería Sargadelos].

“Vicisitudes históricas da cultura galega”, nº 4, 1975, pp. 105-119. [Este número catro da revista reproduce a conferencia lida por Ramón Piñeiro o 23 de abril de 1975 en Madrid co gallo da inauguración da galería Sargadelos].

“O pasado e o futuro do Seminario de Estudos Gallegos”, nº 5, 1978, pp. 125-126. [Este número cinco da revista titúlase *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Inclúe unha pequena bibliografía de Ramón Piñeiro].

***El Eco de las Mariñas*** (Betanzos)

“La revolución cultural de la lengua gallega”, ano I, nº 5, 16 de abril, 1956.

***Encrucillada*** (Pontevedra)

“Algunhas consideracións sobre a abstención”, nº 21, xaneiro-febreiro, 1981, pp. 3-7.

***Escritos*** (Lugo)

“Galeguismo”, nº 4, maio, 1960.

***Faro de Vigo*** (Vigo)

“Castelao e os amigos”, ano I, nº 27, 29 de xullo, 1983, p. 157. [Publicado no suplemento “Artes e Letras”].

“O universo de Álvaro Cunqueiro”, 2 de marzo, 1984, p. 72.

“O noso ministro no exilio”, ano II, nº 74, 28 de xuño, 1984, p. 202. [Publicado no suplemento “Artes e Letras”].

***Folhas de Cibram*** (Santiago de Compostela)

“Lembrando a D. Ramón Otero Pedrayo no centenario do seu nacemento”, tomo I, nº 0, xullo, 1988, pp. 17-23.

**Fronte e Cocote** (Lugo)

“O menosprecio social da lingua”, nº 4-5, 1972, p. 50. [Aparece reeditado no volume Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. [258]-260; e posteriormente en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 85-87 (Colección A Nosa Literatura, nº 44)].

**Galicia** (*Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*)

“A língoa, sangue do esprito”, nº 466, 1952, pp. 20-22. [Reeditado en *Guieiro*, nº 1, abril, 1965 e despois en *Vieiros*, I, 1959, pp. 51-52; posteriormente baixo o título “A lingua, sangue do espírito”, en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 33-37; reproducido, anos despois, na “Mínima muestra antolóxica de textos piñeiranos”, en *Galicia en Madrid*, nº 39, 1991, pp. 13-19, en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 33-37 (Colección A Nosa Literatura, nº 44) e finalmente en *Atenea*, nº 34, abril-maio-xuño, 2009, pp. 26-27].

“A lingua galega no ensino”, nº 573, 1970, p. 74.

“O poder da cultura”, nº 628, 1982, pp. 16-17.

“Galeguismo”, nº 654, ano LXXVII, “In memoriam”, xuño-novembro, 1990, p. 15.

“O pensamento político de Castelao”, nº 654, ..., xuño-novembro, 1990, pp. 18-20.

**Galicia** (Centro Gallego de Caracas)

“La evolución del Celtismo Gallego”, nº 10, xullo-agosto, 1954, pp. 7 e 19.

### ***Galicia Emigrante*** (Bos Aires)

“Trascendencia social do idioma”, nº 3, 1954, p. 3. [Anteriormente xa aparecera en *Tapal*, nº 7, 1953, p. 14 e posteriormente aparece tamén no volume Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 66-67 e finalmente en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 39-41 (Colección A Nosa Literatura, nº 44)].

“A poesía de Luís Pimentel”, nº 9, febreiro, 1955, pp. 3-4.

“Carta a Ana Campos sobre Teixeira de Pascoaes en Galicia”, nº 13, agosto, 1955, pp. 4 e 22. [Posteriormente en *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 47-50].

“Carta a Jacinto do Prado Coelho”, nº 28, maio, 1957, pp. 8 e 24. [Incorporado posteriormente a *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 77-82].

### ***Gaveta*** (A Coruña)

“Sobre a sona poética de Pimentel”, nº 1, maio, 1990, p. 4.

### ***Grial*** (Vigo)

“Gallegos fuera de Galicia. Emilio González López”, tomo I, nº 1, xullo-agosto-setembro, 1963, pp. 87-88.

“A Filosofía i o Home”, tomo I, nº 2, outubro-novembro-décembro, 1963, pp. 113-119.



- “Galegos fóra de Galicia. Ernesto Guerra da Cal”, tomo II, nº 5, xullo-agosto-setembro, 1964, pp. 383-385.
- “*La insumisión gallega: mártires y rebeldes*, por Emilio González López”, tomo II, nº 6, outubro-novembro-diciembre, 1964, pp. 532-534.
- “*Francisco Sánchez, el escéptico*, por Darío Álvarez Blázquez”, tomo III, nº 7, xaneiro-febreiro-marzo, 1965, pp. 114-115.
- “Platón en galego”, tomo III, nº 10, sección “Peneira dos días”, outubro-novembro-diciembre, 1965, pp. 439-441.
- “*El Pórtico de la Gloria –Autor e Interpretación–*, de Rafael Silva y J. R. Barreiro Fernández”, tomo IV, nº 11, xaneiro-febreiro-marzo, 1966, pp. 119-120.
- “Platero e mais eu”, tomo IV, nº 11, sección “O rego da cultura”, xaneiro-febreiro-marzo, 1966, p. 125.
- “*Castelao no arte galego*, por Carlos A. Zubillaga Barrera”, tomo IV, nº 12, abril-maio-xuño, 1966, pp. 249-250.
- “Carta a Marcia Andersen”, tomo IV, nº 14, outubro-novembro-diciembre, 1966, pp. 393-407.
- “*Problemas humanos*, por Eduard Spranger. Versión galega, prólogo e notas por D. García-Sabell. Epílogo por Johannes Schlemmer”, tomo IV, nº 14, outubro-novembro-diciembre, 1966, p. 496.
- “*Violencia y ternura*, por Juan Rof Carballo”, tomo V, nº 15, xaneiro-febreiro-marzo, 1967, pp. 106-108.
- “Antonio Machado na nosa voz”, tomo V, nº 15, xaneiro-febreiro-marzo, 1967, p. 120.

- “Galicia nos estudos luso-brasileiros”, tomo V, nº 18, outubro-novembro-decembro, 1967, pp. 457-459.
- “*O misterio da Saudade*, por José Antonio Tobías”, tomo VI, nº 19, xaneiro-febreiro-marzo, 1968, pp. 107-108.
- “*Ao pé de cada hora*, por Salvador García-Bodaño”, tomo VI, nº 19, xaneiro-febreiro-marzo, 1968, pp. 112-113.
- “*Libro de Xob. O Eclesiastés. A Cántiga das Cántigas*”, tomo VI, nº 20, abril-maio-xuño, 1968, pp. 239-240. [Sobre a versión galega de Manuel Casado Nieto]
- “Carta a Jean Pierre García”, tomo VI, nº 22, outubro-novembro-decembro, 1968, pp. 425-431.
- “*Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, por Jesús Alonso Montero”, tomo VII, nº 24, abril-maio-xuño, 1969, pp. 249-251.
- “*Separatismo e Unidade. Unha mitificación histórica*, por Eduardo Menéndez-Valdés Golpe”, tomo IX, nº 31, xaneiro-febreiro-marzo, 1971, pp. 113-114.
- “*Saudade no bulleiro*, por Manuel Rodríguez López”, tomo IX, nº 31, xaneiro-febreiro-marzo, 1971, p. 123.
- “*Retorno a Tagen Ata*, por X. L. Méndez Ferrín”, tomo IX, nº 32, abril-maio-xuño, 1971, pp. 238-239.
- “*Un caso de lycantropía (O Home-Lobo)*, por Vicente Risco”, tomo IX, nº 32, abril-maio-xuño, 1971, pp. 244-245.
- “*Gallego 1, Instituto de la Lengua Gallega*”, tomo IX, nº 33, sección “Libros”, xullo-agosto-setembro, 1971, pp. 363-364.



- “*El folklore en los castros gallegos*, por José M. González Reboledo”, tomo IX, nº 33, xullo-agosto-setembro, 1971, pp. 371-372.
- “*Xente de aquí e de acolá*, por Álvaro Cunqueiro”, tomo IX, nº 34, outubro-novembro-décembro, 1971, pp. 497-498.
- “*Sobre lingua e literatura galega*, por Ricardo Carballo Calero”, tomo IX, nº 34, sección “Libros”, outubro-novembro-décembro, 1971, pp. 503-504.
- “*Poetas gallegos de postguerra*, por Basilio Losada”, tomo X, nº 35, xaneiro-febreiro-marzo, 1972, pp. 111-112.
- “*Cartas a Lelo*, por Xosé Neira Vilas”, tomo X, nº 35, xaneiro-febreiro-marzo, 1972, pp. 115-116.
- “*Gramática portuguesa*, por Pilar Vázquez Cuesta y María Albertina Mendes da Luz”, tomo X, nº 38, outubro-novembro-décembro, 1972, p. 499.
- “*Humor 1971*, por Siro”, tomo X, nº 38, outubro-novembro-décembro, 1972, p. 506.
- “*Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa*”, tomo XI, nº 42, outubro-novembro-décembro, 1973, pp. 389-402. [Reeditado en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 261-279 e posteriormente en Ramón Piñeiro, *Cartas para os amigos*, ed. non venal, Santiago de Compostela: Ed. Compostela / El Correo Gallego, 1992, pp. 63-48 (nº 113 da Colección Biblioteca 114)].
- “*Dialéctica existencial y psicoanálisis*, por J. M. López Nogueira”, tomo XII, nº 43, xaneiro-febreiro-marzo, 1974, pp. 108-109.
- “*Contos da néboa*, por Ánxel Fole”, tomo XII, nº 43, xaneiro-febreiro-marzo, 1974, pp. 115-116.

- “Xohán Vicente Viqueira”, tomo XII, nº 44, abril-maio-xuño, 1974, pp. 215-218. [Reeditado en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 230-239].
- “En percura do Castelao verdadeiro”, tomo XIII, nº 47, xaneiro-febreiro-marzo, 1975, pp. 17-23.
- “Importancia decisiva da Xeración Nós”, tomo XVI, nº 59, xaneiro-febreiro-marzo, 1978, pp. 8-13.
- “A Galicia de Seoane”, tomo XVII, nº 65, xullo-agosto-setembro, 1979, pp. 288-292.
- “A personalidade política de Fermín Penzol”, tomo XIX, nº 73, xullo-agosto-setembro, 1981, pp. 279-288.
- “Parolar con Rafael Dieste”, tomo XX, nº 78, sección “Peneira dos días”, outubro-novembro-décembro, 1982, pp. 467-469.
- “Consello da Cultura Galega”, tomo XXII, nº 84, abril-maio-xuño, 1984, pp. 238-240. [Discurso lido no acto da súa constitución].
- “Lembrando ó Cilistro”, tomo XXV, nº 95, xaneiro-febreiro-marzo, 1987, pp. 13-22.
- “Os contos de Ánxel Fole”, tomo XXV, nº 95, xaneiro-febreiro-marzo, 1987, pp. 113-114. [“Do xornal *La Noche*, de Santiago”].
- “25 anos de *Grial*”, tomo XXVI, nº 100, abril-maio-xuño, 1988, pp. 135-137.
- “Heidegger na cultura galega”, tomo XXVII, nº 103, 1989, pp. 384-389.

- “Da miña acordanza”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. [341]-351. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Documentos políticos. Consello de Galicia”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. [353]-359. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Documentos políticos. Acusacións que se nos fan”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. [360]-367. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Documentos políticos. Castelao”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. [369]-376. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Documentos políticos. Cultura e política”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 377-381. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Documentos políticos. Balance do noso labor”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 382-388. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Documentos políticos. Conclusións”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 389-395. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Carta de Ramón Suárez Picallo”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 397-409. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Correspondencia con Rodolfo Prada”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 410-425. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

- “Correspondencia con Rof Carballo”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 426-446. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Cartas de Celestino Fernández de la Vega”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 447-453. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “Cartas de Ramón Piñeiro”, tomo XXIX, nº 111, xullo-agosto-setembro, 1991, pp. 454-462. [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].
- “O galeguismo”, tomo XXXIX, nº 150, abril-maio-xuño, 2001, pp. [153]-163.
- “Catro inéditos”, tomo XLVI, nº 180, outubro-novembro-décembro, 2008, pp. 91-93. [Contén os textos “Intervención no ‘Mitin das arengas’ da Praza da Quintana” (1934), “O novo *bretonismo* literario” (1960 ca.), “O diálogo” (1960 ca.) e “Realidade Galega” (1980)].

**Guieiro** (Montevideo)

- “A lingua, sangue do espírito”, nº 1, abril, 1965. [Xa aparecera en *Galicia*, nº 466, 1952, pp. 20-22; posteriormente baixo o título “A lingua, sangue do espírito” en *Vieiros*, I, 1959, pp. 51-52 e en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 33-37; reproducido, anos despois, na “Mínima muestra antolóxica de textos piñeiranos”, en *Galicia en Madrid*, nº 39, 1991, pp. 13-19, en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 33-37 (Colección A Nosa Literatura, nº 44) e finalmente en *Atenea*, nº 34, abril-maio-xuño, 2009, pp. 26-27].

***Hogar gallego para ancianos***

“A Alma común do pobo galego”, Bos Aires, 1988 (número do cincuentenario), p. 44.

***El Ideal Gallego*** (A Coruña)

“Castelao, inmensa forza mítica dun símbolo inmortal”, 5 de xaneiro, 1975, p. 9.

***Ínsula*** (Madrid)

“Factores esenciales de la literatura gallega”, nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p. 13.

“*Contribución ao estudio das fontes literarias de Rosalía*”, nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p. 17. [Recensión da obra do mesmo título da autoría de Carballo Calero].

“*Grandeza y decadencia del reino de Galicia*”, nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p. 17. [Recensión da obra do mesmo título da autoría de Emilio González López].

“*Diccionario enciclopédico gallego-castellano*”, nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p.17. [Recensión da obra do mesmo título da autoría de Eladio Rodríguez González].

***Lar*** (Bos Aires)

“Un poema da emigración”, nº 236-237, 1953, p. 41.

“Rosalía, Pondal, Curros”, nº 260-262, 1955, p. 21.

“Carballo Calero, intérprete da nosa lingua”, nº 272-274, 1956, p. 32.

***Man Común*** (A Coruña)

“A derradeira conversa con Bóveda”, nº 0, xullo, 1980, pp. 4-5.

“Galaxia e o fronte cultural”,  
nº 7, febreiro, 1981, p. 35.

### **Muga**<sup>7</sup>

“Peculiaridades del nacionalismo gallego”, en “Homenaje a Koldo Mitxelena”, 1982, pp. 12-19.

